

## Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Ricardo Palmás, a Luís Seoane do 01/02/1979

**Colección:**

**Data:** 01/02/1979

**De:**

Ricardo Palmás;

**Para:**

Luís Seoane;

**Orixe:**

Londres (local), Gran Londres (rexional), Inglaterra (nacional)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada co membrete de Iberia na marxe inferior:] A bordo de un avión de IBERIA

**Temáticas:**

*A galecidade na obra de Guimarães Rosa; Imágenes de Galicia; Artes; El País; Formação do Brasil contemporâneo; Literatura; Medios de comunicación; Política; Prensa escrita;*

**Mencionados:**

Celso Emilio Ferreiro; Manuel Iglesias Corral; Camilo Nogueira; Valentín Paz-Andrade; Fernando Pérez-Barreiro; Caio Prado Júnior; Maruxa Seoane; Lorenzo Varela;

---

## Transcrición da epistola de Ricardo Palmás, a Luís Seoane do 01/02/1979

Londres, 1 de febreiro de 1979

Benquerido Seoane:

Perdoe o meu atraso en responder a súa carta e en agradecerlle Imágenes de Galicia. O libro gostoume ben. Todas as xilografías forman un afresco histórico do país. Polo menos así o sinto eu. E non esclúo as lendas –eruditas ou populares– e a paisaxe, núltima instancia elas tamén son produto de situacións concretas e, alén da poesía que podan encerrar, cumpriron unha función.

Non sei se ésta chegará a tempo dantes da súa saída para Galicia, espero que si. A súa doación é, sen dúbida, outro sinal máis, por se facia falla, da súa xenerosidade e fidelidade ao país.

Pola miña banda ando mui enredado polo traballo. Teño que por en castelán o

Formação do Brasil contemporâneo de Caio Prado Junior para a Biblioteca Ayacucho de Caracas. A obra é ben interesante ainda que escrita cos pés, o que acrescenta os problemas de tradución. Sei que o Lorenzo Varela estaba facendo algo para ela, mas ignoro se o probe chegou a rematalo.

Soupen da morte del polo Fernando Pérez Barreiro, coa natural sorpresa e tristura. Falei coa Inés, quen me contou o que pasara. Algo verdadeiramente absurdo. Nestes días apareceu en El País o artigo que estaba a escribir sobre A galecidade na obra de Guimarães Rosa do Paz Andrade. Leva unha introdución dese voso amigo uruguaio que traballa no xornal. Non me podó lembrar o nome.

Supoño que lle cadrará estar en Galicia para as eleccións próximas. Non teño nengunha esperanza acerca dos resultados. Hai uns días sairon as candidaturas. O Paz Andrade postulase para o Senado como independente. O Iglesias Corral por UCD d-A Coruña. O C. E. Ferreiro ía por Ourense nas listas do PSOE, mais agora non vai. Hai unha coalición formada polo Partido Obreiro Galego (Camilo Nogueira), os restos do PSG e o recentemente formado Partido Galeguista. Aínda non o sei, pro coído que lles darei o meu voto, mais do que nada para contribuir a un intento de forza política non submetida a Madrí.

Unha forte aperta para Vd. e Maruxa e o meu desexo dunha boa viaxe e estancia na Terra.

Ricardo Palmás

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.